

Alfredo
Ramos
Moreno

*Los gastos con
financiación
afectada*

Banco de Crédito Local, Madrid, 1990.

¿Rexe o principio de desafectación dos ingresos con total flexibilidade no ámbito dos Entes Locais?, é dicir, ¿Poden estes últimos destinar libremente os recursos obtidos ó conxunto das obrigas derivadas da súa actividade?

A conxectura formulada polos interrogantes anteriores resulta desvelada polo autor coa mestría propia de quen coñece con detalle o funcionamento da Administración Local. En efecto, xa no umbral do seu estudio, proporcionáanos un primeiro achegamento ó concepto de "Gastos con financiación afectada" como aqueles para os cales se asignan uns determinados ingresos. Un exemplo práctico pode esclarecelo complicado da expresión empregada: unha empresa que solicite dunha Administración Pública, unha determinada subvención de capital co obxecto de renovar determinados elementos do seu inmovilizado, pode vir obrigada, no caso de incumpri-los termos nos que se pacte o acordo de concesión, a reintegra-los fondos recibidos senón os aplica á finalidade para a que se outorgaron, co que estaríamos ante un caso de financiación afectada.

O autor, logo de establecer determinadas diferenciacións que amosan os gastos afectados no terreo das Administracións Públicas con relación ó Sector Privado da Economía, pasa a definilos, de maneira descritiva no contorno específico dun Ente Local:

a) Son gastos que amosan un carácter netamente presupostario.

b) O gasto debe ser claramente identificable e, por iso, obxectivamente unitario.

c) A realización dun Gasto con financiación afectada pode desbordar, con facilidade, o marco dun exercicio presupostario estendéndose a varias anualidades.

d) Son gastos que amosan aspectos estritamente técnicos relacionados co Presuposto.

e) A relación entre o gasto feito e os ingresos afectados a súa financiación debe ser directa e obxectiva.

f) A conveniencia de efectua-lo seu seguimento e control derívase, por unha parte, da necesidade de xustifica-la aplicación dada a certos recursos cando así proceda, e por outra, da incidencia que poidan ter sobre o Resultado Presupostario e o Remanente de Tesourería, os desaxustes temporais ante a execución do gasto e a recepción dos ingresos que o financian.

Feita unha pequena introducción e formulado o concepto de gastos afectados, a terceira parte do libro alude á "Clasificación dos Gastos con financiación afectada", estruturada en tres apartados.

O primeiro deles, estudia a natureza da relación entre os ingresos afectados e o gasto que os financian. Neste punto, e sempre baixo a perspectiva de non saír do marco das Entidades Locais, sometidas na súa actividade ó principio de legalidade, Ramos Moreno propón unha primeira clasificación distinguindo entre:

a) Ingresos afectados a gastos por disposición lagal. A lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais (en adiante L. R. H. L.), inclúe os seguintes: ingresos procedentes da enaxenación ou gravame de bens e dereitos que teñan a consideración de patrimoniais (art. 5), contribucións especiais (art. 28 e seguintes), subvencións as cales, "non podrán ser alicadas a atencións distintas para as que foron outorgadas" (art. 40), e as operacións de crédito (arts. 49 e 50).

b) Ingresos afectados a gastos por outras causas. Esta figura parece conseguirlo máximo sentido nos casos de gastos de investimento ou, complementariamente, en supostos de ingresos condicionais.

O segundo apartado, aborda a identificación do gasto financiado co Presuposto. Neste contexto tráese a colación o disposto na Instrucción de Contabilidade (en adiante I.C.) aplicable as Entidades Locais, que establece a necesidade de face-lo seguimento e control en termos contables dos Gastos con financiación afectada que se realicen, esixencia derivada da obriga de axustar, nos termos establecidos na normativa, determinadas magnitudes de acordo coa súa execución.

A duración global do Gasto con financiación afectada é obxecto de análise no terceiro apartado, distinguíndose entre Gastos Anuais (a súa realización vai efectuarse con cargo a un único Presuposto), e Gastos Plurianuais (a súa execución afecta a máis de un exercicio presupostario).

Unha vez que o autor nos foi introducindo no complexo mundo dos gastos afectados, a parte central do seu estudio presta atención á relación de ditos gastos co Presuposto e a Contabilidade das Entidades Locais. Como ben se sabe, estas últimas están sometidas a réxime de contabilidade pública, o que leva consigo a obriga de render contas das respectivas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ó Tribunal de Contas, e polo tanto, a necesidade de rexistralas. Sentada esta premisa e desenvolvidos algúns exemplos sumamente ilustrativos, Ramos Moreno chega a unha importante conclusión: é necesaria unha boa planificación dos Gastos de Financiación afectada en tódolos seus aspectos dado que, con independencia da súa repercusión en índices de xestión ou de capacidade de autofinanciación, van incidir moi directamente na propia Tesourería, podendo produci-la súa execución graves tensións, cun coste financeiro que se pode obviar mediante o deseño harmónico da realización de ámbalas dúas vertentes, gasto e ingreso.

Polo demáis, na praxe das Facendas Locais, resulta moi corrente que chegado o final do exercicio presupostario xurda a necesidade de calcular determinadas magnitudes reveladoras da situación económica do Ente Local en cuestión. De entre as posibles magnitudes, na obra que comentamos atopámonos con dúas: o Coeficiente de Financiamento e as Derivacións de Financiación: a partir destes dous concep-

tos a I.C. establece o modo de axusta-lo Resultado Presupostario e de cualifica-lo Remanente de Tesourería. En opinión do autor o Coeficiente de Financiación constitúe a ferramenta imprescindible para cuantifica-las Derivacións de Financiación, en tanto que “vén a expresa-la parte do Gasto con financiación afectada que debe ser cuberta con ingresos específicos”. Ramos Moreno resalta así mesmo o papel desenvolvido polas Desviacións, xa que a través delas, coñecemos-la diferencia entre os recursos realmente recibidos ata un determinado momento, para a financiación dun gasto, e os que deberían terse recibido de coincidi-los ritmos de realización do gasto e os ingresos.

¿Que tipos de efectos contables produce a execución dun Gasto con financiación afectada sobre o Presuposto?. A resposta é ben sinxela: é preciso axusta-lo Resultado Presupostario ¿Por Qué?, iso é debido a que este último, unha vez axustado, vén ofrecer unha visión conxuntada das dúas partes que conforman o Presuposto, constatando o grao de cobertura que os créditos obtidos no exercicio deron os débitos xerados pola normal actividade no mesmo período, poñendo de relevo, segundo o seu signo, o déficit ou superávit derivado das operacións da Entidade Local, materializadas na execución do Prsuposto.

Seguindo no terreo das magnitudes técnico-contables, o autor detense brevemente a examinar qué representa o Axuste do Remanente de Tesourería. O certo, é que constitúe unha das principais novidades do novo marco contable e presupostario deseñado para as Entidades Locais, a partir da aprobación da L.R.H.L.. O seu interese deriva do feito de que vén reflexarnos unha situación variable en función do seu signo; en efecto:

■ Se o Remanente de Tesourería é negativo, existe unha inmediata necesidade de financiación, dado que as obrigas a satisfacer superan os activos dispoñibles para afrontalos;


■ Se é nulo, atopámonos ante unha situación de estricto equilibrio;

■ E se é positivo, dispoñemos dunha marxe de liquidez que pode permitir, a curto prazo, acometer novos e maiores gastos.

Finalmente, na última parte da súa obra, Ramos Moreno enumera algunhas técnicas presupostarias relacionadas máis ou menos directamente cos Gastos de financiación afectada.

Entre estas cabe referirse á declaración de ampliabilidade dos créditos asignados á realización de gastos afectados e ós compromisos de ingresos.

En canto á primeira técnica, consiste en establecer, no momento de aprobación do Presuposto, a través das Bases de execución correspondentes, o carácter ampliable dos créditos asignados á realización dun determinado gasto, en función de que se supere, en termos de recadación efectiva, as previsións de ingresos afectados a súa realización fixadas no Estado de Ingresos do Presuposto.

Polo que atinxe ó mecanismo do Compromiso do ingreso cabe configuralo como "o acto polo que calquera Ente ou persoas, públicas ou privadas, se obrigan mediante un acordo ou concerto coa Entidade Local, a financiar total ou parcialmente un gasto determinado de forma pura ou condicionada". Conclúe o autor apuntando que esta última técnica non constitúe ningunha novidade no mundo da Administración Pública, especialmente no ámbito das Entidades Locais, dado que para financiar moitos dos seus investimentos, é frecuente solicitar e obter doutras Administracións, e incluso de entes e persoas do Sector Privado, determinadas aportacións económicas que permitan materializa-lo gasto sen desaxustaa-lo seu delicado equilibrio financeiro. 

Roberto Ignacio Fernandez López

Bolseiro do M.E.C.

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo no seu caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segunda a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla aparte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) podendo engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descriptors, polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleanse ó final do manuscrito en folla aparte.
11. As referencias bibliográficas (e sómente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética da apelidos, do seguinte xeito:
Libros:
AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.
Artigos:
AUTOR (ano): "Título do artigo", en Título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinamento, editorial, lugar.
Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadírase unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).
As citas, nas notas de páxina, referenciaranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.
12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Adxuntárase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, a todos os efectos.
15. Os autores comprométese a correxilas probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, outórgase a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar sustancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:
Revista Galega de Administración Pública
EGAP. Fontiñas, s/n
15703 Santiago de Compostela.
Galicia. España.